



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE VINTE E SETE DE AGOSTO DE DOUS MIL VINTE E UN
(ACTA NÚMERO 33)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

D^a. M^a. del Pilar García Porto

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Xosé María Arias Fernández

D. José Luís Raposo Magdalena

Secretaria:

D^a. María Esther Álvarez Martínez

Interventor:

D. Manuel Roel Hernández-Serrano

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **vinde e sete de agosto de dous mil vinde e un**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria D^a. María Esther Álvarez Martínez, e asiste como Interventor don Manuel Roel Hernández-Serrano, Interventor Adxunto.

Non asisten os señores deputados don Pablo Rivera Capón e don Roberto Fernández Rico, e a señora deputada dona Mónica Freire Rancaño.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE DE AGOSTO DE DOUS MIL VINTE E UN.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte de agosto de dous mil vinte e un que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS CO OBXECTO DE PROCEDER Á CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE COLABORACIÓN COA INTERVENCIÓN PROVINCIAL NO EXERCICIO DE ACTUACIÓN DE CONTROL FINANCEIRO EN MATERIA DE SUBVENCÍONS, DENTRO DO PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación dos servizos de colaboración coa intervención provincial no exercicio de actuacións de control financeiro en materia de subvencións, dentro do Plan Anual de Control Financeiro, consta no mesmo:

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7E7S2PPYXOJFJ6ZVP4CQYV5Y.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7EGPH33IRLJTZS6DQVK5ZEFY.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7E7S23FR54ZXX76JFBGIYSN4.



Prego de cláusulas administrativas particulares, elaborado polo Servizo de Contratación e Fomento, con CSV: IV7EHQACDIPNSWMSXRAWHEADSMY.

Informe xurídico asinado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSVIV7EHQA33V45VCN24ZECENCOIE:

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7EHQILPFPJ6SRKSU7XCACV4M.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobado a contratación dos servizos de colaboración coa intervención provincial no exercicio de actuacións de control financeiro en materia de subvencións, dentro do Plan Anual de Control Financeiro. O prazo de duración do contrato esténdese dende a formalización do contrato – ou documento de aceptación da resolución de adxudicación por parte do contratista- ata o 31 de maio de 2022, sendo o prazo de execución máximo de 5 meses, dende a aceptación da resolución de adxudicación. Establécese a posibilidade de dúas prórrogas, dende o 1 de xuño de 2022 ata o 31 de maio de 2023 e dende o 1 de xuño de 2023 ata o 31 de maio de 2024.

2º.- Aprobado o contido integro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente. De acordo co establecido no artigo 159.6 letra b) da LCSP, neste procedemento simplificado “sumario”, eximirase aos licitadores da acreditación da solvencia económica e financeira e técnica ou profesional. Os criterios de puntuación recóllense de maior a menor considerando a adecuación do criterio e a puntuación relativa outorgada a cada un deles para a selección da mellor oferta calidade-prezo, e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público. Incorporárase á contratación o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como criterio de desempate, así como nas condicións especiais de execución e esixencia de cumprimento da normativa laboral.

3º.- Aprobado o procedemento de adxudicación, que é o procedemento simplificado “sumario”, dado o importe da licitación, con pluralidade de criterios de adxudicación, de conformidade co establecido no artigo 159.6 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; de conformidade co previsto na normativa; e dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

4º.- Aprobado o gasto segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a 6.977,78 euros, aos que se engadirán 1.465,33 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 8.443,11 euros”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS PARA A MODERNIZACIÓN E ACTUALIZACIÓN DO CPD DE RESPALDO E O MANTEMENTO DA INFRAESTRUTURA DE CPDS DA DEPUTACIÓN DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 18 de agosto de 2021, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes:

Providencia de inicio, con CSV: IV7HGOS3YEJSXPUD6QEC65ZHL4

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7EULRC35WD3SG6UEMN77QRK

Prego de prescricións técnicas, con CSV:IV7EULRCB376RTGTVX5NLZBSGM .

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV:IV7EWGZKH4ZYJWVPC4EWOITSDY.



Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7EWGIIH4ZOJJO2YQOB537PN4

Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7EWGZPMFZOR2G6Q7YV4TSUD4

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7EWHY5IEBMJ2B7QY7E4TYRLY

Proposta de Presidencia, con CSV: IV7EWEBYYBHPT2VI6ZWFAVQS4Y.

Acordo da Xunta de Goberno de data 16 de xullo de 2021, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7EXTA4YAUOVXWTZVOECXSCCQ

Acta da Mesa de Contratación do día 14 de xuño de 2021, con CSV IV7ESL3CN55NV7G44IW5FYBVN4 , que recolle o seguinte:

“Primeiro.- Apertura e cualificación administrativa (sobre A).

Deuse conta que, segundo os datos que obran na Plataforma de Contratación do Sector Público, os licitadores presentados a este procedemento foron os seguintes:

LICITADORES
Telefónica Soluciones de informática y comunicaciones de España SAU.

Infórmase aos membros da Mesa de Contratación que téndose comprobado con carácter previo á constitución da Mesa de Contratación, que a documentación administrativa presentada pola empresa “*Telefónica Soluciones de informática y comunicaciones de España SAU*”, consta correctamente presentada tanto en forma coma en plazo, a Mesa de Contratación acorda admitir a proposta ao proceso de adxudicación e proceder á apertura do sobre B (sobre electrónico), relativo aos criterios de adxudicación non avaliados de forma automática, resultando o que se indica a continuación.

Segundo.- Apertura criterios non avaliados automaticamente (sobre B).

A Mesa de Contratación acorda proceder á apertura do sobre B (sobre electrónico), relativo aos criterios avaliábles mediante xuízo de valor, recollidos no PCAP, resultando que o licitador presenta a oferta técnica.

Nesta fase avalíase a oferta técnica presentada polo licitador, que debe satisfacer todas as demandas indicadas nos pregos técnicos e administrativos que rexen o proceso de licitación, a puntuación da valoración establecerase en base a calidade da proposta, de como esta se axusta aos pregos e as necesidades específicas da Deputación segundo o disposto no Ap. 5 do PPT.

FASE1. CRITERIOS NON AVIABLES AUTOMÁTICAMENTE		
CRITERIO		Puntuación máxima
Renovación equipamento CPD2		10
Servidores	Valorarase a calidade e as características técnicas da oferta presentada, así como a súa idoneidade e adecuación para resolver o obxecto do contrato.	
Cabina de almacenamento		
Sistemas de interconexión	Así valorarase cada apartado con máis puntuación cando o equipamento ou software subministrado presente as mellores características técnicas e sexa o máis axeitado para o propósito do contrato.	
Esquema de instalación	Para iso a proposta do licitador deberá especificar en detalle para cada apartado as principais características do sistema a subministrar e sinalar as vantaxes e prestacións máis relevantes	
Instalación e configuración		10
Configuración CPD modo activo-activo	Valorarase a calidade e as características técnicas da proposta de configuración presentada, así como a súa idoneidade e adecuación para resolver o obxecto do contrato. Así valorarase cada apartado con máis puntuación cando a configuración proposta presente as mellores características técnicas e sexa o máis axeitado para o propósito do contrato: permita sacar un maior rendemento aos recursos e capacidades do CPD, mellore a seguridade do sistema, etc. Para iso a proposta do licitador deberá especificar en detalle para cada apartado as principais características da configuración proposta e sinalar as vantaxes e prestacións máis relevantes.	
Configuración do sistema de virtualización		
Configuración do sistema de almacenamento		
Configuración do sistema de balanceo de carga e de sincronización entre CPDs		
Configuración dos sistemas de seguridade, backup e restauración		
Plan de migración e virtualización.		
Plan de probas.		
Licenciamento	Valorase a adecuación do licenciamento proposto, aquel que ofrezca unhas mellores prestacións e permita sacar un maior rendemento a infraestrutura final. Para iso a proposta do licitador deberá especificar en detalle para cada tipo de licencia que aporta e que vantaxes pode ofrecer.	5
Plan de Formación	Valorarase positivamente aquel plan de formación que conte con unha mellor proposta de cursos, unha boa organización das xornadas, materiais e ferramentas para levar a cabo	3
Plan de soporte, mantemento e resolución de incidencias	Valorarase positivamente aquela proposta que ofrezca un mellor sistema para atender e resolver as incidencias, que estableza as canles de comunicación máis axeitadas e ofrezca as mellores ferramentas para levar a cabo. O licitador deberá indicar expresamente o cumprimento ou a mellora dos tempos de nivel de servizo (ANS) descritos no prego, valorando positivamente calquera mellora.	10
Plan de proxecto. Organización e cronograma	Valorarase a adecuación da planificación da execución do proxecto, a programación de tarefas o nivel de detalle das mesmas de cara a avaliar a súa adecuación ao obxecto do Proxecto.	2
		40

A oferta que non acade a puntuación mínima de 20 puntos na valoración da oferta técnica segundo os criterios indicados, non continuarán no proceso de valoración por non alcanzar o mínimo de calidade esixido.

A Mesa acorda enviar a documentación contida no sobre electrónico B pola licitadora “Telefónica Soluciones de informática y comunicaciones de España SAU” a informe e valoración



do Servizo de Novas Tecnoloxías.”

Acta da Mesa de Contratación do día 12 de xullo de 2021, con CSV IV7EYXTCPIZPTVOPAN6WKZJWEY , que recolle o seguinte:

“(…)Primero.- Dar conta da valoración dos criterios baseados en xuízos de valor correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores no procedemento.

Deuse conta do informe emitido polo servizo de Novas Tecnoloxías, en relación a avaliación da oferta técnica presentada pola empresa “Telefónica Soluciones de informática y comunicaciones de España SAU”. As valoracións realizadas no informe resúmese no seguinte cadro resumo coa puntuación obtida pola proposta presentada, na valoración dos “Criterios non avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas (ata un máximo de 40 puntos)”.

Puntuación oferta técnica de Telefónica Soluciones de Informática y Comunicaciones de España S.A.U. Cadro resumo de valoración.

CRITERIOS	MÁX. PUNT.	TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A.U.
Renovación equipamiento CPD2	10	8
Instalación e configuración	10	9
Licenciamiento	5	3
Plan de formación	3	1
Plan de soporte, mantemento e resolución de incidencias	10	8
Plan de proxecto. Organización e cronograma	2	2
TOTAL		31

***Sendo o requisito esixido para continuar no procedemento acadar a puntuación mínima de 20 puntos na valoración da oferta técnica segundo os criterios indicados.*

SEGUNDO.- Apertura e valoración criterios evaluables automáticamente.

Acto seguido procédese á apertura da documentación contida no Sobre “C”, cos seguintes resultados, sen perxuízo de previamente informar aos integrantes da Mesa dos criterios a valorar neste sobre, e que a continuación se fan constar:

Sobre C: Criterios de adjudicación avaliables mediante fórmulas matemáticas. Oferta de Telefónica Soluciones de Informática y Comunicaciones de España S.A.U.

CRITERIO	PUNTUACIÓN MÁXIMA	VALOR OFERTADO/PUNTUACIÓN
Prezo de contrato. P.B.L.: 200.000,00 €. (Límite de oferta desproporcionada 150.000€)	$\frac{30 * P_{min}}{P_{oferta}}$ <i>P_{min} é o prezo máis baixo ofertado entre todos os licitadores.</i> <i>P_{oferta} é o prezo ofertado pola empresa a valorar.</i>	30 199.892 Euros , IVE ENGADIDO (30 PUNTOS)
Ampliación memoria RAM total (mínimo 448GB). A memoria RAM ten que ser de características similares ou superiores e compatible ao do resto de infraestrutura.	$\frac{8 * RAM_{oferta}}{RAM_{max}}$ <i>RAM_{oferta} é a cantidade de RAM (en GB) ofertado pola empresa a valorar</i> <i>RAM_{max} é a cantidade de RAM (en GB) maior ofertada por todas as empresas.</i>	8 64 GB (8 PUNTOS)
Ampliación capacidade Almacenamento (mínimo 65 TB). O almacenamento ten que ser de características similares ou superiores e compatible ao do resto de infraestrutura.	$\frac{10 * HD_{oferta}}{HD_{max}}$ <i>HD_{oferta} é a cantidade de almacenamento (en TB) ofertado pola empresa a valorar</i> <i>HD_{max} é a cantidade de almacenamento (en TB) maior ofertada por todas as empresas.</i>	10 18,2TB (10 PUNTOS)
Ampliación plazo de garantía	Valorarase con 0,5 puntos por cada mes adicional de garantía e mantemento ofrecidos (nas condicións indicadas no apartado 3.5 do prego de prescricións técnicas) Obtendo un máximo de 12 puntos cando oferte 24 ou máis meses adicionais.	12 0 MESES (0 PUNTOS)
	TOTAL PUNTOS	79 PUNTOS

*Será considerado que, en principio, é desproporcionada ou anormal a/s, en relación co artigo 85 do RD 1098/2001 de 12 de outubro, toda oferta (en canto ao termo prezo)cando, concorrendo un só licitador, sexa inferior ao orzamento base de licitación en máis de 25 unidades porcentuais.(límite en 150.000euros).

TERCERO.- Mellor valorado - Requirimento de documentación Art.150.2 LCSP -



Visto canto antecede, a Mesa de Contratación, acordou por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

1.- Asumir como propio o informe emitido polo Servizo de Novas Tecnoloxías en relación a la avaliación da oferta técnica presentada pola empresa “Telefónica Soluciones de informática y comunicaciones de España SAU”.

2.- Outorgar ao licitador concorrente as seguintes puntuacións e clasificalo atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

ORDEN	Licitadores	PUNTUACIÓN SOBRE B	PUNTUACIÓN SOBRE C	PUNTUACIÓN TOTAL
1	TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA S.A.U.	31 PUNTOS	48PUNTOS	79 PUNTOS

3.- Requerir á Telefónica Soluciones de Informática y Comunicaciones de España S.A.U., para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (ROLECE) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a efectiva disposición dos medios que se tivese comprometido a adscribir á execución do contrato e a constitución da garantía definitiva polos importes que se relacionan acto seguido, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderáse que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

ADXUDICATARIA	PREZO DE ADXUDICACIÓN (IVE NON INCLUIDO)	IMPORTE DA GARANTÍA
TELEFÓNICA SOLUCIONES DE NFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA S.A.U.	165.200 euros	8.260 euros

Contra o presente acordo, por tratarse dun acto de trámite non contemplado no artigo 112.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións

Públicas, non cabe recurso algún, podendo o interesado manifestar a súa oposición para ser considerada na resolución que poña fin ao procedemento.”

Reunida a Mesa de Contratación a día de hoxe, 18 de agosto, aos efectos de examinar a documentación do artigo 150 da LCSP, infórmase que a licitadora presentou a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, en prazo, a documentación requirida pola Mesa na sesión precedente.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles dá acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta.

A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Telefónica Soluciones de Informática y Comunicaciones de España S.A.U. a contratación dos servizos para a modernización e actualización do CPD de respaldo e o mantemento da infraestrutura de CPDS da Deputación de Lugo por un importe de 165.200 euros aos que se engadirán 34.692 euros en concepto de IVE, ascendendo a un importe total de 199.892 euros, e segundo o ofertado na súa oferta técnica e o que se indica a continuación:

CRITERIO	VALOR OFERTADO
Ampliación memoria RAM total (mínimo 448GB). <i>A memoria RAM ten que ser de características similares ou superiores e compatible ao do resto de infraestrutura.</i>	64 GB
Ampliación capacidade Almacenamento (mínimo 65 TB). <i>O almacenamento ten que ser de características similares ou superiores e compatible ao do resto de infraestrutura.</i>	18,2TB

2º.- Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.



E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as 10:22 horas do día de referencia, de todo o cal eu e a Secretaria da Mesa, Certifico.

A presente asínase de xeito dixital, deixando constancia do acontecido na sesión da mesa de contratación sinalada no encabezado.

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Telefónica Soluciones de Informática y Comunicaciones de España S.A.U. a contratación dos servizos para a modernización e actualización do CPD de respaldo e o mantemento da infraestrutura de CPDS da Deputación de Lugo por un importe de 165.200 euros aos que se engadirán 34.692 euros en concepto de IVE, ascendendo a un importe total de 199.892 euros, e segundo o ofertado na súa oferta técnica e o que se indica a continuación:

CRITERIO	VALOR OFERTADO
Ampliación memoria RAM total (mínimo 448GB). <i>A memoria RAM ten que ser de características similares ou superiores e compatible ao do resto de infraestrutura.</i>	64 GB
Ampliación capacidade Almacenamento (mínimo 65 TB). <i>O almacenamento ten que ser de características similares ou superiores e compatible ao do resto de infraestrutura.</i>	18,2TB

2º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

3º.- A duración deste contrato é de dous anos e 4 meses, sen posibilidade de prórroga. O prazo comezará a contar a partir do día seguinte ao da subscripción da acta de inicio do contrato, ou no seu defecto unha vez formalizado o contrato, salvo circunstancias excepcionais non previstas, en aplicación do artigo 153 da LCSP.

Todo o equipamento hardware e todo o software subministrado neste contrato, deberá ser entregado e estar instalado nun prazo que non poderá ser superior aos catro (4) meses dende o inicio do contrato.

O soporte e garantía comezará a contar unha vez entregado e realizado o subministro, ao día seguinte da data que figure no acta de entrega, e durará como mínimo dous (2) anos. Durante este periodo o adxudicatario realizará todos os traballos de soporte técnico, mantemento, renovación de licenciamiento, actualizacións precisas segundo o indicado no apartado 3.5 do PPT

4º.- O importe do contrato financíase con cargo á aplicación Orzamentaria 9200.62655 (Administración Xeral, Investimento novo en equipos proceso de información).

5º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

6º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, , e que terá lugar unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles a contar desde a remisión da notificación da adxudicación aos licitadores, sen que se houbera interposto recurso especial en materia de contratación, que leve aparellada a suspensión da formalización”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS LOTES 1 E 2 DOS SERVIZOS DE CONTROL SANITARIO, CONTROL LEITEIRO E MANTEMENTO DO ROBOT DE MUXIDO E OS SEUS EQUIPOS ACCESORIOS NA GRANXA GAYOSO CASTRO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO. LOTE 1 CONTROL SANITARIO E LOTE 2 CONTROL LEITEIRO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 18 de agosto de 2021, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:



“Antecedentes:

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7EUUIN2AO3324I6FNTIJ3F54

Informe de consignación orzamentaria, con CSV: IV7EVQLSGEGT4RP4CYVW4MCPOI

Pregos de prescricións técnicas (PPT Lote 1, con CSV: IV7EUO3MPBV3T2BMCUN5MZLT74, PPT Lote 2 con CSV: IV7EU2JSZD7Y7WZ7SR6ENYYP6M e PPT Lote 3: con CSV: IV7EU77C3RFZQSHSUQPC4EPTE4.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7EVWQKEFB32WNNDXQFPY7PE4.

Informe xurídico firmado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7EVX2NPLX47FGLDR6QD7R6EM.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7EVX7SBRJJ3GHLQFUAEXZPGA.

Proposta de Presidencia, con CSV: IV7EVUCLYEE2Z5JTA4GRIAI FEU.

Acordo da Xunta de Goberno de data 14 de maio de 2021, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7EW6QSZMXCJ3RC4FAF537WOE.

Acta da Mesa de Contratación do día 31 de maio de 2021, con CSV: IV7EQHATBAJL77V4CI6ADZTQJY.

Acta da Mesa de Contratación do día 14 de xuño de 2021, con CSV: IV7ETS3LNTWSLD4TQBXS5RQOQ.

Acta da Mesa de Contratación do día 26 de xullo de 2021, con CSV: IV7E2YPDZ45MXPGZ5UXXARKA4U

Acta da Mesa de Contratación do día 18 de agosto de 2021, con CSV: IV7EG37YP7ZT6XX6TUESEUXCGM que recolle o seguinte:

“Reunida a Mesa de Contratación a día de hoxe, 26 de xullo, aos efectos de examinar a documentación do artigo 150 da LCSP, infórmase que as licitadoras AD SG Castro de Rei, AFRICOR Lugo e Mantenimientos Técnicos Lucenses S.L. dos lotes 1, 2 e 3 respectivamente,

presentaron a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, en prazo, a documentación requirida pola Mesa na sesión do 14 de xuño de 2021.

A continuación, previo exame da documentación presentada, relaciónase a documentación que as empresas teñen que emendar ou presentar, no prazo de tres días hábiles:

Lote 1: AD SG Castro de Rei

Documentos acreditativos da personalidade, capacidade do empresario e da representación (artigo 84 da LCSP e 21 RXLCAP):

a) Empresario individual: Fotocopia do Documento Nacional de Identidade (ou Pasaporte ou documento que o substitúa regulamentariamente) e do Número de Identificación Fiscal (se non aparecera reflectido no DNI).

b) Persoas Xurídicas:

- Fotocopia do CIF da empresa.

- Fotocopia do DNI (ou pasaporte ou documento que legalmente o substitúa) do representante da empresa.

- Escritura de constitución e, no seu caso, modificación, inscrita no Rexistro Mercantil (“Caxetín” do Rexistro). No caso de que, conforme á lexislación mercantil, non fora esixible á persoa xurídica a súa inscrición no Rexistro Mercantil, para acreditar a capacidade de obrar, deberá presentarse escritura ou documento de constitución, estatutos ou acto fundacional, onde consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso, no correspondente Rexistro oficial.

c) Cando o contratista actúe mediante representante, ou se trate dunha sociedade ou persoa xurídica, deberá achegar documento fidedigno acreditativo da existencia da representación e do ámbito das súas facultades para licitar, verificado de suficiencia (bastanteado) por quen teña facultades para elo, e declaración responsable de que dito apoderamento segue vixente. Para o caso de que o asinante da proposición teña a condición de administrador único ou solidario e dito extremo sexa comprobable coa documentación aportada, non será necesario o bastanteo.



Solvencia económica e financeira: Deberá acreditarse de conformidad co establecido nos artigos 74 a 76 da LCSP, por algún dos seguintes medios:

a) Volume anual de negocios, referido ao ano de maior volume de negocios dos tres últimos concluídos. A estes efectos, o volume anual de negocios deberá ser por importe igual ou superior o importe dunha anualidade.

Lote I – Control sanitario: 549 €

Aos efectos do cálculo do valor anual medio do contrato para a acreditación de solvencia non se considerarán as prórrogas, modificados ou opcións senón en exclusiva o importe equivalente á anualidade do contrato de maior importe, excluídos todos os impostos aplicables.

O volume anual de negocios do licitador ou candidato acreditarase por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivese inscrito no devandito rexistro e, en caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

b) Xustificante de existencia e do pago dun seguro de responsabilidade civil por riscos profesionais por importe de 71.188,96 euros e compromiso de manter en vigor o seguro de responsabilidade civil durante a execución do contrato.

c) Patrimonio neto positivo, ao peche do último exercicio económico, para o que estea vencida a obriga de aprobación de contas anuais por importe igual o superior a unidade.

Solvencia técnica ou profesional: Deberá acreditarse de conformidad co artigo 90 da LCSP e co Real Decreto 773/2015, do 28 de agosto, polo que se modifican determinados preceptos do RXLC, polo seguinte medio:

Unha relación dos principais servizos realizados, de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato, durante os tres últimos anos, na que se indique o importe, a data e o destinatario, público ou privado dos mesmos. Os servizos efectuados acreditaranse mediante certificados ou visados expedidos polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario acompañada dos documentos obrantes en poder do mesmo que acrediten a realización da prestación; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.

Lote I: O requisito mínimo será que o importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior a 384,30 euros (70 por cento do valor anual medio do contrato, calculado como no apartado precedente).

Habilitacións, autorizacións e demais documentación esixida para o exercicio da actividade, segundo o recollido no Cadro Resumo.

- a) Compromiso de contar e poñer á disposición da execución do contrato os medios persoais e materiais precisos para a realización do mesmo.
- b) Denominación do veterinario/a encargado/a da dirección técnica destinado á execución das tarefas previstas neste prego encamiñadas as actuacións sanitarias.

Lote 2: Africor Lugo

- a) Compromiso de contar e poñer á disposición da execución do contrato os medios persoais e materiais precisos para a realización do mesmo.
- b) Denominación do veterinario/a encargado/a da dirección técnica destinado á execución das tarefas previstas neste prego encamiñadas as actuacións sanitarias.
- c) Recibo de pago e compromiso de manter en vigor o seguro de responsabilidade civil durante a execución do contrato.



- d) Solvencia técnica ou profesional: Certificado satisfactorio de servizos realizados, de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato, durante os tres últimos anos, na que se indique o importe, a data e o destinatario, público ou privado dos mesmos. Os servizos efectuados acreditaranse mediante certificados ou visados expedidos polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario acompañada dos documentos obrantes en poder do mesmo que acrediten a realización da prestación; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.

Lote II: O requisito mínimo será que o importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior a 1.415,12 euros (70 por cento do valor anual medio do contrato, calculado como no apartado precedente).

Lote 3: Mantenimientos Técnicos Lucenses, S.L.

Consta correctamente presentada a documentación.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles da acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta.

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación acordou, por unanimidade, requirir ás empresas : ADSG Castro de Rei (Lote 1) e Africor Lugo (Lote 2) para que, no prazo de tres días hábiles, procedan a emendar a documentación relacionada anteriormente.

Reunida a Mesa de Contratación a día de hoxe, 18 de agosto, aos efectos de examinar a emenda da documentación do artigo 150 da LCSP, infórmase que as licitadoras ADSG Castro de Rei e AFRICOR Lugo dos lotes 1 e 2 respectivamente, presentaron a través da Plataforma de

Contratos do Sector Público, en prazo, a documentación requirida pola Mesa na sesión do 26 de xullo de 2021.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles dá acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta.

A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada por ADSG Castro de Rei (Lote 1) e Africor Lugo (Lote 2), por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer, que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar o Lote 1 da contratación dos servizos de control sanitario, control leiteiro e mantemento do robot de muxido e os seus equipos accesorios na Granxa Gayoso Castro da Deputación Provincial de Lugo, a ADSG Castro de Rei, CON CIF G27314947, por un importe máximo de 1.098,00 €, aos que haberá que engadir 230,59 € euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 1.328,59 €, comprometéndose a executar o obxecto do contrato ofertando un desconto dun 5 %, sobre os prezos unitarios recollidos no PPT.

2º.- Adxudicar o Lote 2 da contratación de control sanitario, control leiteiro e mantemento do robot de muxido e os seus equipos accesorios na Granxa Gayoco Castro da Deputación Provincial de Lugo, a Africor Lugo, CON CIF G27155688, por un importe máximo de 4.043,20 €, aos que haberá que engadir 490,56 € euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 4.533,76 €, comprometéndose a executar o obxecto do contrato ofertando un desconto dun 0 %, sobre os prezos unitarios recollidos no PPT.

3º.- Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.”

Vista a fiscalización previa de conformidade, propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:



1º.- Adxudicar á entidade ADSG Castro de Rei a contratación do Lote 1 – Servizos control sanitario do Contrato dos Servizos de control sanitario, control leiteiro e mantemento do robot de muxido e os seus equipos accesorios na Granxa Gayoso Castro da Deputación Provincial de Lugo, por un importe máximo de 1.098,00 €, aos que haberá que engadir 230,59 € euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 1.328,59 €, comprometéndose a executar o obxecto do contrato ofertando un desconto dun 5 %, sobre os prezos unitarios recollidos no PPT, financiándose de acordo as seguintes anualidades:

	APLICACIÓN	2021 SEN IVE	RC	2022 SEN IVE	RC	2023 SEN IVE	RC	TOTAL SEN IVE
CONTROL SANITARIO	4120.22799	274,50	22021/9956	549,00	220219/188	274,50	220219/201	1.098,00

Existe consignación na Aplicación Orzamentaria que se indica, do orzamento de gastos do 2021, pola cantidade de 274,50 € (mais IVE deducible), para a anualidade 2021. A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2022 e 2023 as cantidades indicadas, nas aplicacións sinaladas.

2º.- Adxudicar á entidade Africor Lugo a contratación do Lote 2 – Servizos control leiteiro do Contrato dos Servizos de control sanitario, control leiteiro e mantemento do robot de muxido e os seus equipos accesorios na Granxa Gayoso Castro da Deputación Provincial de Lugo 2021/CON_02/000021, por un importe máximo de 4.043,20 €, aos que haberá que engadir 490,56 € euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 4.533,76 €, comprometéndose a executar o obxecto do contrato ofertando un desconto dun 0 %, sobre os prezos unitarios recollidos no PPT, financiándose de acordo as seguintes anualidades:

	APLICACIÓN	2021 SEN IVE	RC	2022 SEN IVE	RC	2023 SEN IVE	RC	TOTAL SEN IVE
CONTROL LEITEIRO	4120.22799	1.010,80	22021/9957	2.021,60	220219/189	1.010,80	220219/202	4.043,20

Existe consignación na Aplicación Orzamentaria que se indica, do orzamento de gastos do 2021, pola cantidade de 1.010,80 € (mais IVE deducible), para a anualidade 2021. A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios

de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2022 e 2023 as cantidades indicadas, nas aplicacións sinaladas.

3º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

4º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN COA LICITACIÓN DE OBRAS.

Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de licitación, proxecto e contratación da obra denominada: PEDRAFITA DO CEBREIRO.- Acondicionamento da LU-P-1301 “Seoane do Courel (LU-651)-Hospital (LU-633) e ramais a Piñeira e Lousada-Vilela”, p.k. 8+670 a 10+700.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: PEDRAFITA DO CEBREIRO.- Acondicionamento da LU-P-1301 “Seoane do Courel (LU-651)-Hospital (LU-633) e ramais a Piñeira e Lousada-Vilela”, p.k. 8+670 a 10+700, consta no mesmo:

Proxecto da obra con CSV: IV7EEXSDBIWZZNF3XTUDCNRHA4

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7EEXJPIFJDKX7CQZW5MRTEF4

Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7EEXR3ZUPLLGPIABMX4FDGGM



Acta de Reformulo Previo, con CSV: IV7EEXJCEEUTRZOCC3VGKH7VGQ

Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7EEGACZQUP5VMDQQUCEAT7M4

Informe- proposta do Servizo de Vías e Obras relativo a subscrición de póliza seguro todo risco construción.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7EG7TDBB467SGTDROVAUZEEA

Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7EG7T4BUR3XPZCAMOUAIPBGU

Fiscalización limitada previa do expediente.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico relativo á contratación das obras de: PEDRAFITA DO CEBRERIRO.- Acondicionamento da LU-P-1301 “Seoane do Courel (LU-651)-Hospital (LU-633) e ramais a Piñeira e Lousada-Vilela”, p.k. 8+670 a 10+700, sometelo a información pública por espazo temporal de 20 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

2º.- Aprobar o expediente de contratación e dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP.

3º.- Aprobar o gasto, por importe de 372.505,53 €, dos cales 64.649,72 € corresponden ao IVE (21%)”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

Primeiro.- *Aprobación, se procede, do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o concello de Foz, coa finalidade común de colaborar na urbanización da Rúa Costa do Castro, incluído honorarios.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Foz para a execución dos fins común de Urbanización da Rúa Costa do Castro, incluído honorarios, consta no mesmo:

Solicitude do Concello de Foz con número de expediente no GTM: 2021/PES_03/015107, que inclúe ademais:

- a. Proxecto ou memoria valorada do investimento.
- b. Declaracións responsables relativas a non ter débedas e ás obrigas a asumir polo Concello.

Memoria de impacto económico, con CSV: IV7EGDTMBTRY3TVD2YXGIEICOY

Borrador de convenio con CSV: IV7EGDTMBR7IX6VT4LU5IFKFLY

Informe do Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaria Xeral e impulsando a súa tramitación a Presidencia, con CSV: IV7EGDTZNQPJYTGLUDVDCUYWKM

Fiscalización limitada previa do expediente.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>



Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente á aprobación de convenio e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobación do texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Foz coa finalidade común de colaborar na execución dos fins comúns de Urbanización da Rúa Costa do Castro, incluído honorarios, con un orzamento total de 583.600,00 euros.

2º.- Que se aprobe o gasto en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento das actuacións contempladas no convenio, que ascende á contía máxima de 466.880,00 euros, dos que 233.440,00€ son con cargo ao vixente orzamento xeral da Deputación de Lugo para a anualidade 2021 e 233.440,00€ financiados na anualidade de 2022.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, de incluír no orzamento da anualidade 2022 a cantidade de 233.440,00€ euros”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Aprobación, se procede, do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o concello de Vilalba, coa finalidade común de colaborar na execución Parque Acuático en Vilalba, incluído honorarios redacción proxecto.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Vilalba para a execución dos fins comúns de execución Parque Acuático en Vilalba, incluído honorarios redacción proxecto, consta no mesmo:

Solicitude do Concello de Vilalba con número de expediente no GTM: 2021/PES_03/016311, que inclúe ademais:

- c. Proxecto ou memoria valorada do investimento.
- d. Declaracións responsables relativas a non ter débedas e ás obrigas a asumir polo Concello.

Memoria de impacto económico, con CSV: IV7EGDTMBN4LJKMSWA546FPOMU

Borrador de convenio con CSV: IV7EGDTMBIUCUVFSULWDCRTVCE

Informe do Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaria Xeral e impulsando a súa tramitación a Presidencia, con CSV: IV7EGDTYIEPOT6ZSVUEEGBDDAI
Fiscalización limitada previa do expediente.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente á aprobación de convenio e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobado o texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Vilalba coa finalidade común de colaborar na execución dos fins comúns de execución Parque Acuático en Vilalba, incluído honorarios redacción proxecto, con un orzamento total de 852.687,00 euros.

2º.- Que se aprobe o gasto en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento das actuacións contempladas no convenio, que ascende á contía máxima de 682.149,60 euros, dos que 341.074,80€ son con cargo ao vixente orzamento xeral da Deputación de Lugo para a anualidade 2021 e 341.074,80€ financiados na anualidade de 2022.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, de incluír no orzamento da anualidade 2022 a cantidade de 341.074,80 euros”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



Terceiro.- *Aprobación, se procede, do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o concello de Muras, coa finalidade común de colaborar na humanización do entorno da Praza da Galeguidade.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Muras para a execución dos fins común de humanización do entorno da Praza da Galeguidade, consta no mesmo:

Solicitud do Concello de Muras con número de expediente no GTM: 2021/PES_03/006995, que inclúe ademais:

- e. Proxecto ou memoria valorada do investimento.
- f. Declaracións responsables relativas a non ter débedas e ás obrigas a asumir polo Concello.

Memoria de impacto económico, con CSV: IV7EGDTMBFOZVZBD6U5X6M2BF4

Borrador de convenio con CSV: IV7EGDTMBAHLJPPIULQE73YROY

Informe do Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaria Xeral e impulsando a súa tramitación a Presidencia, con CSV: IV7EGDT6PPUMZOU26N64EJ2D4Y

Fiscalización limitada previa do expediente.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente á aprobación de convenio e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Muras coa finalidade común de colaborar na execución dos fins comúns de humanización do entorno da Praza da Galeguidade, con un orzamento total de 272.525,88 euros.

2º.- Que se aprobe o gasto en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento das actuacións contempladas no convenio, que ascende á contía máxima de 272.525,88 euros, con cargo ao vixente orzamento xeral da Deputación de Lugo para a anualidade 2021”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Cuarto.- *Aprobación, se procede, do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o concello de Barreiros, para a realización da actividade: adquisición de tractor para labores de mantemento de vías e camiños de titularidade municipal.*

Logo de ver a proposta da Deputada Delegada da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, do seguinte teor:

“O Concello de Ribadeo solicitou, o 4 de xaneiro de 2021, mediante escrito presentado no Rexistro telemático desta entidade, a formalización dun convenio interadministrativo de cooperación para a realización conxunta dunha actividade, na que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de “Compra dunha cortadora de céspede autopropulsada destinada ao mantemento das zonas verdes municipais do Concello de Ribadeo”.

No expediente relativo á dita solicitude constan, ademais dos documentos esixidos por esta entidade para ter en consideración a mesma, informe da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, do 18 de xaneiro de 2020, que se expresa nos seguintes termos:

“Antecedentes

*Primeiro.- Dona Ana Belén Ermida Igrexas, con DNI nº: ***9977**, en nome e representación do Concello de Barreiros, con NIF: P2700500H, presentou no Rexistro telemático desta entidade, o 12 de agosto de 2021 (RE nº 2021RT013115), escrito mediante o cal solicita a formalización dunha relación interadministrativa de cooperación para a realización conxunta coa Deputación Provincial de Lugo dunha actividade, na que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de “Adquisición de tractor para labores de mantemento de vías e camiños de titularidade municipal”.*

Dito escrito acompáñase de:



1. *Modelo normalizado de solicitude de convenio interadministrativo de cooperación, xunto cos seus anexos, isto é:*

- *Anexo I.- Memoria explicativa e xustificadora da solicitude de relación interadministrativa de cooperación a formalizar mediante a sinatura dun convenio interadministrativo.*
- *Anexo II.- Orzamento e financiación do convenio interadministrativo co que se formalizará a técnica de cooperación.*
- *Anexo III.- Declaración doutras axudas/achegas convenio interadministrativo.*

2. *Declaración responsable na que se indica que a entidade solicitante: está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social; non ten débedas en período executivo coa Deputación Provincial de Lugo e coa Xunta de Galicia; e non é debedora por resolución de procedencia de reintegro de axudas públicas.*

3. *Achégase, ademais, memoria explicativa dos fins e obxectivos perseguidos coa sinatura do convenio suscitado, orzamento da actuación obxecto do mesmo e proposta da súa financiación.*

Consideracións Legais e Técnicas

I. *Os convenios a través dos que se formalicen as relacións interadministrativas de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e outras Administracións Públicas, Organismos públicos e entidades de Dereito público vinculados ou dependentes daquelas regúlanse por:*

- *A Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (en adiante, LRXSP).*
- *A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (en adiante, LALGA).*
- *A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (en adiante, LRBRL).*
- *O Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (en adiante, TRRL).*
- *O Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 202, do 3 de setembro de 2020 (en adiante, RODPL).*
- *As Bases de Execución do Orzamento vixente en cada momento, de aplicación preferente en materia económico-orzamentaria.*

II. *O medio rural é un dos elementos fundamentais na vertebración social e económica da provincia de Lugo. Ademais, é o soporte físico de un extenso e variado patrimonio natural e cultural que representa hoxe un dos nosos grandes valores, sendo a base de moitas actividades económicas que xeran importantes niveis de emprego e renda.*

No seu ámbito, as infraestruturas rurais xeran cohesión social e territorial, mellorando as condicións de vida e traballo no medio rural e contribuíndo, deste xeito, a frear o seu despoboamento.

En particular, as vías de titularidade municipal facilitan a accesibilidade e vertebración do territorio e, ademais, contribúen ao aumento da competitividade agraria e forestal. E, como toda infraestrutura, precisan dun mantemento que lles permita poder seguir cumprindo coas súas funcións.

Por outra banda, unha parte das causas estruturais que inciden na proliferación de incendios forestais está relacionada coa situación de abandono que sofren, non só as propiedades privadas no ámbito rural, senón tamén, en moitos casos, as infraestruturas públicas no mesmo ámbito, por mor da falta de financiación que permita ás distintas Administracións Públicas o exercicio pleno das súas competencias.

Neste senso, cómpre ter en conta que os incendios forestais constitúen unha grave ameaza para calquera política seria de desenvolvemento rural, ademais de comprometer a sustentabilidade económica e social do medio rural, ás persoas propietarias de terreos forestais, aos labregos, ás comunidades de montes veciñais en man común e, en xeral, a toda a sociedade deste medio.

O municipio de Barreiros ten un carácter eminentemente rural, sendo o motor da súa economía o sector primario. Este sector depende en gran medida, entre outros factores, dunha rede de comunicacións nas mellores condicións, que permita as citadas: vertebración do territorio e aumento da competitividade agraria e forestal.

Indirectamente, esta rede viaria de comunicacións constitúe un obstáculo para a propagación dos incendios, se as faixas laterais das vías se manteñen nun estado óptimo de limpeza, polo que contribúen enormemente á prevención e defensa contra os incendios forestais.

O mantemento das vías de titularidade municipal correspóndelle aos municipios, en virtude da competencia propia atribuída a estes polo artigo 25.2.d) da LRBRL.

Asemade, os concellos teñen competencias en materia de xestión das faixas laterais das redes viarias da súa titularidade e de conservación e mantemento de todos os elementos que non formen parte da estrada nin dos seus elementos funcionais, atribuídas pola Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, e pola Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, respectivamente.

Mais é evidente que as entidades locais, como é o caso do municipio de Barreiros, carecen en moitos casos de medios económicos e materiais para o exercicio das competencias descritas, pois estas constitúen unha pequena parte da totalidade das que lles corresponden.

III. *Por elo compre ter en conta que as Administracións Públicas serven con obxectividade os intereses xerais, debendo respectar na súa actuación e relacións, entre outros, os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as mesmas. Así o establece o artigo 3.1.k) da LRXSP, que continúa dispoñendo no artigo 140.1.d):*

“As diferentes Administracións Públicas actúan e se relacionan con outras Administracións e entidades ou organismos vinculados ou dependentes de estas de acordo cos seguintes principios:

(...).

c) Colaboración, entendido como o deber de actuar co resto de Administracións Públicas para o logro de fins comúns.

d) Cooperación, cando dúas ou máis Administracións Públicas, de maneira voluntaria e no exercicio das súas competencias, asumen compromisos específicos de cara a unha acción común (...).”

Así, segundo o artigo 141.1.d) da mesma lei:

“As Administracións Públicas deberán:

(...).

d) Prestar, no ámbito propio, a asistencia que as outras Administracións puideran solicitar para o eficaz exercicio das súas competencias.”

Á súa vez, establece o artigo 143 do mesmo texto legal:

“As Administracións cooperarán ao servizo do interese xeral e poderán acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor serva a este principio.



A formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos de órganos de cooperación ou en convenios.”

Finalmente, consonte ao artigo 144 daquela lei:

“Poderase dar cumprimento ao principio de cooperación de acordo coas técnicas que as Administracións interesadas estimen máis adecuadas, como poden ser:

(...).

d) A prestación de medios materiais, económicos ou persoais a outras Administracións Públicas (...).

Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben.”

En parecido senso, aínda que de xeito máis restrinxido, se pronuncia a regulación autonómica, ao establecer o artigo 193.1.b) da LALGA que:

“As Entidades Locais galegas e a Xunta de Galicia adecuarán a súa actuación aos seguintes principios:

(...).

b) A colaboración, cooperación e auxilio que puidesen precisar conxunturalmente para o eficaz cumprimento das súas tarefas.”

Xa no ámbito da normativa local, dispón o artigo 57 da LRBRL:

“A cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de intereses común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os consorcios ou os convenios administrativos que subscriban.”

Así mesmo, o artigo 111 do TRRL establece:

“As Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por convinte, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico ou aos principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades.”

Pois ben, consonte ao artigo 47 da LRXSP:

“Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común (...).

Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as Universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

a) Convenios interadministrativos asinados entre dúas ou máis Administracións públicas, ou ben entre dous ou máis organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas Administracións públicas ... (...).”

En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada LRXSP establece:

“1. As Administracións Públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as Universidades públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión da titularidade da competencia.

(...).

3. A subscripción de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír á realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

(...).

5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sustentables, debendo quen os subscriban ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio.

6. As achegas financeiras que se comprometan a realizar os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio.

(...).

8. Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes.”

Polo tanto, a relación de cooperación interadministrativa suscitada polo Concello de Barreiros configúrase como un aparello técnico administrativo que se adecúa con plenitude aos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público nas súas relacións, tal e como quedaron expostos.

Na dita relación de cooperación a Deputación de Lugo efectuará unha achega de 129.203,80 € para sufragar parte dos gastos derivados da execución da actividade obxecto do convenio e o cumprimento dos seus fins, isto é, a adquisición de tractor para labores de mantemento de vías e camiños de titularidade municipal.

O concello de Barreiros comprométese, pola súa banda, á aportación, con fondos propios, dun 5% sobre o total da inversión a realizar, o que supón unha cantidade de 6.800,20 €.

IV. No que ao requisito de exercicio de competencias propias se refire, esixido polo antes citado artigo 140.1.d) da LRXSP para a formalización das relacións de cooperación a través de convenios; consonte ao artigo 36.1 da LRBRL, son competencias propias da Deputación as que lle atribúan neste concepto as leis do Estado e das Comunidades Autónomas nos diferentes sectores da acción pública e, en todo caso, entre outras, a que se menciona no apartado d) do dito artigo, que se refire á cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da LALGA, ao sinalar que serán competencias propias da Deputación as que baixo este concepto lles atribúan as leis, considerando como competencia propia da Deputación, en calquera caso e entre outras, a mencionada no apartado d): en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Pois ben, atendendo á normativa citada, é claro que as competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo, no marco da relación de cooperación proxectada, teñen plena cabida nos supostos dos amentados artigos 36.1 da LRBRL e 109 da LALGA, xa que un axeitado mantemento das vías e camiños de titularidade municipal contribúe, sen ningunha dúbida, ao desenvolvemento económico e social, especialmente en concellos rurais, como o de Barreiros, nos que unha rede viaria nas mellores condicións é fundamental para a vertebración do territorio e o aumento da competitividade agraria e forestal.

Asemade, neste tipo de concellos, de marcado carácter rural, as infraestruturas viarias están, na súa maior parte, delimitadas por zonas verdes, que cómpre manter en boas condicións para sacarlle todo o partido, cun aproveitamento pleno e seguro, á rede viaria; todo o que contribuír á unha mellora das comunicacións destes núcleos de poboación, o que tamén contribúe ao desenvolvemento económico dos mesmos.



Ademais, na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as Administracións Públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público e, polo tanto, con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece, no seu artigo 3.3:

“Non se entenderá como exercicio de novas competencias:

(...).

f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución de aqueles problemas, tamén comúns, que puideran formularse máis alá do concreto reparto competencial nos distintos sectores da acción pública...”

Para maior abastanza, no caso que nos ocupa é de aplicación o artigo 30 do TRRL, segundo o cal:

“A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin:

a) os medios económicos propios da mesma que se asignen.

(...)

A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados.

Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril (...).

As formas de cooperación serán (...):

h) A subscrición de convenios administrativos.”

Pola súa banda, o concello de Barreiros, consonte ao artigo 25 da LRBRL:

“Para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestarlos servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos deste artigo.

O municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:

(...).

d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

(...).

f) Policía local, protección civil, prevención e extinción de incendios.

(...).”

A Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, atribúe competencias na materia, así mesmo, aos concellos, establecendo o seu artigo 7 que:

“Corresponde aos concellos e a outras entidades locais:

(...).

e) Xestionar as redes secundarias de faixas de xestión da biomasa e as faixas laterais das redes viarias da súa titularidade, nos termos da presente lei.”

Tamén o artigo 33.7 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, atribúe competencias aos concellos neste ámbito, ao dispoñer que:

“Corresponderalles aos concellos a conservación e mantemento de todos os elementos que, estando situados no dominio público viario, non formen parte da estrada nin dos seus elementos funcionais e lles sirvan a aqueles para exercer as súas competencia.”

Polo tanto, sendo competencias propias do municipio de Barreiros: a infraestrutura viaria, a xestión das faixas laterais das redes viarias da súa titularidade e a conservación e mantemento de todos os elementos que non formen parte da estrada, queda lexitimada a competencia daquel na execución do amentado proxecto.

Ademais, tendo en conta que o concello solicitante da formalización do convenio é, tal e como quedou exposto, un concello cun carácter eminentemente rural, que conta con máis de 105 quilómetros de vías de titularidade municipal que vertebran o territorio e contribúen ao aumento da competitividade agraria e forestal, é evidente que o proxecto que se promove contribúe de xeito directo a satisfacer as necesidades da comunidade veciñal.

Por se fora pouco, a subscripción deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos e encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, sinalado no artigo 36 da LRBRL.

V. En relación co encaixe que o proxecto ten nas actuacións que a Deputación de Lugo leva a cabo nas materias de agricultura, gandería e pesca, cómpre ter en conta que o Municipio de Barreiros ten un carácter eminentemente rural, onde os núcleos de poboación, incluso os que poden considerarse máis urbanos, teñen unha clara composición e estrutura rural.

E é que o medio rural é un dos elementos fundamentais na vertebración social e económica galega, en xeral, e da provincia de Lugo, en particular. Ademais, é o soporte físico de un extenso e variado patrimonio natural e cultural que representa hoxe un dos nosos grandes valores, sendo a base de moitas actividades económicas do sector primario, é dicir, relacionadas coa obtención de recursos da natureza, como poden ser, entre outras, a agricultura e a gandería.

Para o desenvolvemento do sector primario e, en consecuencia, do medio rural, é imprescindible procurar as condicións óptimas para que aquelas actividades se poidan levar a cabo do xeito máis eficiente posible, a través de actuacións no ámbito económico, tales como a dotación e actualización constante de instalacións e equipamentos.

Mais todas estas actuacións de carácter económico carecerían de eficacia se o elemento subxectivo do medio rural, a súa poboación, non atopa unhas condicións de vida dignas que lle permitan desenvolver un sentido de pertenza ao territorio tal, que lle faga dispoñerse a construír unha sociedade sobre a base dos amentados recursos, e a exercer actividades económicas permanentes nas áreas rurais.

En definitiva, o desenvolvemento do sector primario, das súas actividades económicas e, en consecuencia, do medio rural, require non só de actuacións de carácter económico, senón, ademais, doutro tipo de actuacións no ámbito social. Deste xeito, podemos concluír que a mellora da calidade de vida dos habitantes do rural e a protección do seu tecido social constitúense en puntos clave do desenvolvemento rural.

O Concello de Barreiros pretende a cooperación económica da Deputación de Lugo para a adquisición dun tractor para labores de mantemento de vías e camiños de titularidade municipal, que lle permitirá exercer axeitadamente as súas competencias en materia de: infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade, e prevención e extinción de incendios.

O exercicio pleno destas competencias contribúe, sen ningunha dúbida, á mellora da calidade de vida dos habitantes do rural e a un aumento da competitividade das explotacións agrarias e forestais, o que



repercute, de xeito directo, na creación dunha conciencia colectiva de pertenza orgullosa a un medio rural que pode contar con moitas potencialidades, se recibe os coidados e atencións que precisa; todo o que deriva no desenvolvemento social e, en consecuencia, económico, do sector primario, en actividades como a agricultura e a gandería.

VI. *En canto ao órgano da Deputación competente para a aprobación do texto do convenio suscitado, así como do gasto que, en concepto de achega económica, corresponda asumir á Deputación, consonte ao artigo 59.18 do RODPL:*

“Corresponde á Xunta de Goberno conceder subvencións na contía da aprobación do gasto en materia de contratación, e aprobar convenios de colaboración con outras entidades locais, organismos e administracións públicas, nos mesmos termos e condicións que os sinalados para a determinación da competencia en contratación, sempre que a devandita competencia non lle sexa atribuída ao presidente/a.”

Pola súa banda, dispón a Base 24ª.4, das de execución do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2021, que:

“O órgano competente para o outorgamento de subvencións en réxime de concesión directa é o presidente, a proposta do delegado correspondente, sempre que o seu importe sexa inferior a 15.000 € de xeito individual, e a Xunta de Goberno para importes individuais iguais ou superiores.”

O importe total necesario para a execución das actuacións previstas no convenio proxectado é de 136.004,00 €, dos que 129.203,80 € serán a cargo da Deputación de Lugo. Polo tanto, será a Xunta de Goberno o órgano competente para a aprobación do texto do convenio de cooperación proxectado e para a aprobación do gasto en concepto de achega económica comprometida pola Deputación no marco daquel.

VII. *Considerando o anteriormente exposto, e á vista da documentación que obra no expediente, informe favorablemente para que, logo dos demais trámites regulamentarios procedentes, se aproben pola Xunta de Goberno:*

- 1. O texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir pola Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Barreiros, para a realización conxunta dunha actividade, na que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de “Adquisición de tractor para labores de mantemento de vías e camiños de titularidade municipal”, por importe total de 136.004,00 €, dos que 129.203,80 € serán a cargo da Deputación de Lugo e 6.800,20 € a cargo do Concello de Barreiros.*
- 2. O gasto, por importe de 129.203,80 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.76200 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2021, a favor do Concello de Barreiros, en concepto da achega económica comprometida pola Deputación no marco do devandito convenio.”*

Consta no expediente, así mesmo, informe xurídico favorable do Servizo de Contratación e Fomento, do 23 de agosto de 2021, relativo ao texto do citado convenio.

E consta, ademais, a conformidade da Unidade de Intervención, manifestada no seu informe de fiscalización limitada previa do 26 de agosto de 2021.

Tendo en conta o exposto, propono que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobación do texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir pola Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Barreiros, para a realización conxunta dunha actividade, na que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de “Adquisición de tractor para labores de mantemento de vías e camiños de titularidade municipal”, por importe total de 136.004,00 €, dos que 129.203,80 € serán a cargo da Deputación de Lugo e 6.800,20 € a cargo do Concello de Barreiros.

2º.- Aprobación do gasto, por importe de 129.203,80 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.76200 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2021, a favor do Concello de Barreiros, en concepto da achega económica comprometida pola Deputación no marco do devandito convenio”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Débese ter en conta o escrito da Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, no que se sinala que na proposta producíronse os seguintes erros materiais de transcripción:

No primeiro parágrafo, onde di: O Concello de Ribadeo solicitou o 4 de xaneiro de 2021... para o fin común de compra dunha cortadora de céspede autopropulsada destinada ao mantemento das zonas verdes municipais do Concello de Ribadeo”, debe dicir: “O Concello de Barreiros solicitou o 12 de agosto de 2021... para o fin común de adquisición de tractor para labores de mantemento de vías e camiños de titularidade municipal”.

Asi mesmo, no segundo parágrafo, onde di: “No expediente.... do 18 de xaneiro de 2020...”, debe dicir: “No expediente,,, do 16 de agosto de 2021..”.

Quinto.- *Modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello Da Pobra do Brollón, para a realización conxunta dunha actividade, na que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de “Limpeza de*



vías de titularidade municipal” (Aprobado por Acordo da Xunta de Goberno do 30 de xullo de 2021).

Logo de ver a proposta da Deputada Delegada da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, do seguinte teor:

“A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo acordou, o 30 de xullo de 2021, a aprobación do convenio que se reflicte no encabezamento, o cal foi asinado polas partes o 4 de agosto.

O 5 de agosto de 2021, ao abeiro do disposto na cláusula sétima do citado convenio, o representante legal do Concello Da Pobra do Brollón presentou no rexistro telemático desta entidade escrito no que, con fundamento na demora da resolución da súa solicitude de convenio interadministrativo formulada ante esta entidade, que derivou no retraso da iniciación do procedemento selectivo para a contratación do persoal necesario para a súa execución, solicita a prórroga do prazo para a realización das actuacións obxecto do convenio ata o 30 de setembro de 2022, así como do prazo para a xustificación da achega económica ata o 15 de outubro de 2022.

Examinada a solicitude, dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, tendo en conta as disposicións legal, regulamentaria e convencionalmente establecidas, emitíuse informe favorable ás citadas modificacións, o 6 de agosto do 2021.

Así mesmo, dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, tendo en conta que mediaba a vontade das partes e que o convenio estaba vixente e que recollía a posibilidade de modificación do mesmo, emitíuse informe xurídico favorable á súa modificación, no senso indicado no informe e nos borradores de proposta e addenda remitidos dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, o 16 de agosto de 2021.

Finalmente, á vista das actuacións precedentes, a Unidade de Intervención informou favorablemente, o 18 de agosto de 2021, a modificación do convenio de referencia nos termos citados anteriormente.

Polo exposto, propono que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte Acordo:

Modificación das cláusulas terceira (Obrigas, compromisos e facultades das partes) e quinta (Xustificación da achega económica) do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello Da Pobra do Brollón, para a realización conxunta dunha actividade, na que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de “Limpeza de vías de titularidade municipal”, asinado polas partes o 4 de agosto de 2021, nos termos da addenda que figura no expediente, manténdose inalteradas o resto das cláusulas daquel”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Sexto.- *Modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación e o concello de Ribadeo, para o acondicionamento e renovación da Estrada da Estación.*

Logo de ver a proposta da Deputada Delegada da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, do seguinte teor:

“A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo acordou, o 6 de novembro de 2020, a aprobación do convenio que se reflicte no encabezamento, o cal foi asinado polas partes o día 10 do mesmo mes, e modificado por addenda do 8 de abril de 2021, no relativo á ampliación dos prazos de execución e xustificación.

O 20 de agosto de 2021, ao abeiro do disposto na cláusula oitava do citado convenio, o representante legal do Concello de Ribadeo presentou no rexistro telemático desta entidade solicitude mediante a cal propón a modificación do número 2 da letra A da súa cláusula terceira, relativa á facultade de que dispón a Deputación no caso de producirse baixas na licitación do contrato necesario para a realización do seu obxecto, consistente en reducir a cantidade estipulada para o financiamento por ela comprometido no seu seo.



A dita solicitude xustifícase con fundamento en que, producidas baixas na licitación do contrato necesario para a execución das actuacións obxecto do convenio, a aplicación do disposto no número 2 da letra A da súa cláusula terceira deriva na diminución da achega económica comprometida pola Deputación de Lugo no seu seo, e elo na imposibilidade de que o Concello poida alcanzar plenamente os fins para os cales se asinou, pois alcanzalos depende da aprobación dunha modificación de aquel contrato que supón un incremento do seu prezo e para a que o Concello carece de dispoñibilidade orzamentaria por mor da aplicación da citada cláusula.

Examinada a solicitude, dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, tendo en conta as disposicións legal, regulamentaria e convencionalmente establecidas, emitíuse informe favorable á citada modificación, o 23 de agosto de 2021.

Así mesmo, dende a Sección I de Fomento, do Servizo de Contratación e Fomento, tendo en conta que mediaba a vontade das partes e que o convenio estaba vixente e que recollía a posibilidade da súa modificación, emitíuse informe xurídico favorable á mesma, no senso indicado no informe e nos borradores de proposta e addenda remitidos dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, o 26 de agosto de 2021.

Finalmente, á vista das actuacións precedentes, a Unidade de Intervención informou favorablemente, o 27 de agosto de 2021, a modificación do convenio de referencia nos termos citados anteriormente.

Polo exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte Acordo:

1º.- Autorizar a aplicación dos remanentes producidos na execución das actuacións que constitúen o obxecto do convenio (66.963,46 €) para a execución das actuacións inherentes á modificación do contrato de obras adxudicado para o cumprimento da finalidade do convenio, por contía de 50.348,31 €.

2º.- Modificar as cláusulas primeira e terceira do convenio interadministrativo de cooperación suscrito pola Deputación de Lugo e o Concello de Ribadeo, co obxecto de colaborar na realización da actividade consistente no “acondicionamento e renovación da Estrada da

Estación”, no núcleo de Ribadeo, asinado polas partes o 10 de novembro de 2020, nos termos da addenda que figura no expediente, manténdose inalteradas o resto das cláusulas daquel”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Séptimo.- *Aprobación, se procede, do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación e o concello de Viveiro, para promoción do turismo.*

Logo de ver a proposta da Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Consta diversa documentación incorporada ao expediente e o informe do servizo de Turismo que se transcribe:

(....)

En relación cos escritos, presentados por dona María Loureiro García con NIF:33997309C, en nome e representación do Concello de Viveiro, con CIF: P-2706700H, con data 10/08/2021 (RE, nº: 2021RPE023581), mediante os que solicita unha achega económica no marco dunha relación interadministrativa de cooperación (público-público) para a realización conxunta polo Concello de Viveiro e a Deputación Provincial de Lugo dunha actividade na que conflúen os respectivos títulos competenciais para o fin común da “Promoción do Turismo:Realización de actividades Turísticas e Culturais” na anualidade 2021, procede emitir o seguinte INFORME:

Fundamentos Xurídicos

1. A relación interadministrativa de cooperación (público-público) que se pretende coa formalización do convenio para a colaboración na “Promoción do Turismo:Realización de actividades Turísticas e Culturais” enmárcase no escenario dunha colaboración institucional cunha vontade e fins compartidos, de conformidade co precisado nas estipulacións do mesmo e referentes á súa vixencia e natureza xurídica, atendendo ao previsto no artigo 47.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público en adiante LRXSP), sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos



con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer que “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios inter-administrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

Neste caso estamos ante un convenio interadministrativo. As normas deste capítulo da Lei 40/2015, do 1 de outubro, non se aplican ás encomendas de xestión, nin tampouco aos acordos de terminación convencional dos procedementos administrativos (art. 48. 9 da LRXSP).

O artigo 111 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das Disposicións legais vixentes en materia de réxime local recolle que: “As entidades locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios aos intereses público, ao ordenamento xurídico e aos principios de boa transparencia, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas no seu caso en favor de ditas entidades”.

2. A Memoria explicativa e xustificadora da solicitude sinala que os fins comúns de subscripción do convenio interadministrativo refírense ao proxecto turístico e cultural denominado “Promoción do Turismo: Realización de actividades Turísticas e Culturáis” na anualidade 2021, responden a un interese xeral en virtude da promoción cultural musical e turística que se pretende co mesmo, enfocada a promoción do territorio.Os obxectivos que se perseguen a través das medidas de fomento son a diversificación da oferta turística, a promoción dos produtos turísticos “Turismo Cultural” e “Turismo de Lecer”. Co primeiro, pretendese a realización de catro concertos musicais no concello de Viveiro, a cargo dos grupos (Guadi Gallego o 16 de agosto de 2021, o grupo Pedesiáno 5 de agosto de 2021, o espectáculo do grupo Rilo & Penadique o día 3 de agosto , e A actuación da banda Brassica Rapa os días 14 e 15 de agosto). Co produto “Turismo de lecer” pretende a realización de un servizo de rutas panorámicas guiadas polo casco vello de Viveiro e a súa contorna, e rutas de senderísmo, a celebrarse durante os meses de xullo, agosto e setembro.

Efectivamente, da lectura do Convenio Interadministrativo de actuación a subscribir entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Viveiro, resulta que o seu contido compatibiliza coas competencias do ente provincial en canto aos fins e competencias da Deputación Provincial, fundamentalmente a que se menciona no artigo 36 apartado d) da LBRL, que se refire á cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. No mesmo senso tamén se pronuncia o artigo 109 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia, ao sinalar que serán competencias propias da Deputación as que baixo este concepto lles atribúan as Leis, considerando como competencia propia da Deputación, en calquera caso e entre outras, a mencionada no apartado d) en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

3. O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspon ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Así mesmo, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida calificarse de contractual:

(...)b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

Nestes supostos de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución, non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, consonte ao establecido no art. 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Subvencións.

4. En canto ao órgano competente para a aprobación do convenio, resulta de aplicación o artigo 59.18 do Regulamento orgánico da Excm. Deputación Provincial, publicado no BOP nº 202, de data 3 de setembro de 2020, que sinala que lle corresponde á Xunta de Goberno aprobar convenios de colaboración con outras entidades locais, organismos e administracións públicas,



nos mesmos termos e condicións que os sinalados para a determinación da competencia en contratación, sempre que a devandita competencia non lle sexa atribuída ao presidente/a; e tendo en conta o establecido no artigo 118.1 Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público, que fixa o importe dos contratos menores nunha contía inferior a 15.000,00 €, trátase dunha atribución que corresponde á Xunta de Goberno da Deputación, atendendo ao importe económico do Convenio.

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 25.000,00 € o que representa o 82,4468% da actuación para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins. O Concello de Viveiro, de acordo co orzamento previsto, aportara 5.322,60 € o que representa o 17,5532% da actuación, resultando un importe total orzamentario de 30.322,60€, aportara todos os permisos, autorizacións, para a súa correcta execución, e financiará, no seu caso, o importe que reste, e resulte para dar cumprimento ao fin común perseguido, así como todos os compromisos recollidos no modelo de convenio que consta no expediente.

*5. Considerando os antecedentes expostos, á vista da documentación achegada, e no seu caso dos informes que procedan, **INFÓRMASE FAVORABLEMENTE**: a aprobación do Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Viveiro para a execución dos fins comúns consistentes na “Promoción do Turismo: Realización de actividades Turísticas e Culturais”, (anualidade 2021). É todo canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado en dereito.*

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno da Deputación se adopte a seguinte Acordo:

1º.- Aprobado o texto do “Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Viveiro para a execución dos fins comúns consistentes na celebración da actividade denominada “Promoción do Turismo: Realización de Actividades Turísticas e Culturais” (anualidade 2021) por importe total de 30.322,60 €.

2º.- Aprobado o gasto de 25.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 4320.46200 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2021, a favor do Concello de Viveiro, para sufragar os gastos derivados da actividade “Promoción do Turismo: Realización de Actividades Turísticas e Culturais” (anualidade 2021)”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA LISTAXE DE ESTABLECEMENTOS ADHERIDOS AO PROGRAMA BONO IMPULSO- DEPUTACIÓN DE LUGO (BONO PARA A HOSTALARÍA E COMERCIO LOCAL).

Logo de ver a proposta do Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

“Tendo en conta que con data 30 de abril de 2021 aprobouse por acordo de Xunta de Goberno as bases e convocatoria do Programa Bono Impulso- Deputación de Lugo.

Tendo en conta que en sesión ordinaria do 04.06.2021 aprobouse por acordo de Xunta de a relación de establecementos adheridos e excluídos do programa BONO IMPULSO.

Tendo en conta que comunicadas, polos interesados as seguintes incidencias:

- JULIA ARMESTO VÁZQUEZ, con DNI 33818711V, comunícanos os traspaso do establecemento a ALBERTO CASTRO ARMESTO (por xubilación), mantendo a mesma forma xurídica a de persoa autónoma.
- MARÍA MUJER, comunica un erro de transcripción no CIF da entidade sendo o correcto B27454776.
- M^a ELENA PAZ GARCÍA, con DNI 33831037S, comunícanos os traspaso do establecemento a MONTSERRAT MARTÍNEZ PAZ (por xubilación), mantendo a mesma forma xurídica a de persoa autónoma.
- XISTRAIL MOUNTAIN S.L no momento da solicitude indica que o domicilio social do establecemento esta en Lourenzá, cando a ubicación do establecemento é Mondoñedo.
- CASTRO ROMERO M JOSE 000871481C SLNE, con NIF B70011754, por erro na solicitude indicou o mesmo enderezo para os establecementos que ten en dúas localidades



diferentes, un en Vilalba (xa incluído na listaxe) e outro en Sarria. Tras a comunicación, por parte da beneficiaria, do erro inclúese o segundo enderezo (Calvo Sotelo, 56 – Sarria) na listaxe de establecementos adheridos no concello de Sarria.

Por todo o anterior, proponse á Xunta de Goberno:

1º.- Aprobar as mencionadas modificacións, quedando como seguen:

RAZÓN SOCIAL/NOME COMERCIAL	NIF	ENDEREZO	POBOACIÓN
ALBERTO CASTRO ARMESTO	33350382Z	RNDA. DAS FONTIÑAS 129 BAIXO	LUGO
MARÍA MUJER	B27454776	PRAZA MAIOR 27 - 29	LUGO
MONTSERRAT MARTÍNEZ PAZ	76578986A	RÚA PROGRESO 18	MONDOÑEDO
XISTRAIL MOUNTAIN S.L	B27407436	LG. PIMENTO 3	MONDOÑEDO
CASTRO ROMERO M JOSE 000871481C SLNE	B70011754	CALVO SOTELO 56	SARRIA

2º.- Aprobar as baixas na listaxe de establecementos adheridos de:

RAZÓN SOCIAL/NOME COMERCIAL	NIF	ENDEREZO		POBOACIÓN
JULIA ARMESTO VÁZQUEZ	33818711V	RNDA. DAS FONTIÑAS 129 BAIXO		LUGO
Mª ELENA PAZ GARCÍA	33831037S	RÚA PROGRESO 18		MONDOÑEDO

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN, SE PROCEDE, DAS AXUDAS REGULADAS POLA AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA, MEDIANTE RESOLUCIÓN DE 27 DE FEBREIRO DE 2020, PARA A DIXITALIZACIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL DE GALICIA, COA FINALIDADE DE PRESERVACIÓN E DIFUSIÓN A TRAVÉS DE GALICIANA-PATRIMONIO DIXITAL DE GALICIA.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Con data 9 de marzo de 2020 publícase no Diario Oficial de Galicia a Resolución do 27 de febreiro de 2020 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, para a dixitalización do patrimonio cultural de Galicia coa finalidade de preservación e difusión a través de Galiciana-Patrimonio Dixital de Galicia, e se procede á súa segunda convocatoria para os anos 2020-2021, cofinanciada co Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020 (código de procedemento PR606A).

De conformidade co artigo 1º da mesma, as devanditas axudas están destinadas para a dixitalización do patrimonio cultural de Galicia coa finalidade de preservación e difusión a través de Galiciana-Patrimonio Dixital de Galicia. As subvencións tramitadas ao abeiro das presentes bases reguladoras están cofinanciadas ao 80 % polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

Segundo os eu artigo 3 estas axudas teñen como finalidade potenciar a dixitalización do patrimonio cultural de Galicia e a súa recolección, preservación e difusión a través de Galiciana-Patrimonio Dixital de Galicia. Esta iniciativa prevé incrementar o patrimonio cultural de Galicia accesible a través de Galiciana-Patrimonio Dixital de Galicia fomentando un maior achegamento dos cidadáns e a dinamización da cultura galega aproveitando a potencialidade das TIC e os usos e costumes dunha sociedade dixital.

As subvencións reguladas por estas bases reguladoras teñen por obxecto o financiamento de proxectos de dixitalización accesibles en liña e coas adecuadas medidas de preservación de bens que formen parte do patrimonio cultural de Galicia, conforme o establecido na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia. A convocatoria para o período 2020-2021 limitarase a proxectos de dixitalización de bens vinculados ao patrimonio bibliográfico e documental de Galicia. Os proxectos subvencionables formarán parte de Galiciana-Patrimonio Dixital de Galicia situada en Galicia.

O artigo 4 determina que o proceso de concesión será o de concorrència competitiva.



No artigo 2 determinase que poderán ser beneficiarias destas subvencións, entre outras, As entidades locais de Galicia (incluídas as agrupacións e asociacións de concellos, consorcios e mancomunidades) e entidades delas dependentes.

O artigo 8 recolle os gastos subvencionables. Considéranse investimentos potencialmente subvencionables os seguintes financiamentos e custos asociados ao proxecto:

Contratación de persoal específico para a realización do proxecto de dixitalización do patrimonio cultural obxecto de subvención

- ☐ Contratación de servizos externos para a realización do proxecto de dixitalización do patrimonio cultural obxecto de subvención

O artigo 14 da aludida Resolución, establece que as solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

No que respecta á contía da axuda o artigo 36 establece:

A intensidade da axuda será do 100 % do custo elixible do proxecto.

- ☐ Os proxectos terán un orzamento total de investimentos subvencionables non inferior a 10.000 euros nin superior a 90.000 euros.
- ☐ En todo caso, a contía máxima da subvención que se concede por persoa beneficiaria será de 90.000 euros.

Así mesmo, o artigo 40.1 di:

As persoas beneficiarias recibirán un pagamento anticipado do 80 % do importe da subvención concedida de acordo co establecido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia. Con relación a este anticipo e con data límite do 15 de novembro de 2020, as persoas beneficiarias deberán presentar o anexo V (xustificación do plan e comezo do proxecto) desta resolución.

O pagamento do importe restante (20 %) realizarase unha vez xustificado o cumprimento da finalidade da subvención.

O importe do anticipo non poderá exceder a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.

A Deputación de Lugo pretende a dixitalización do Boletín Oficial da Provincia de Lugo entre os anos 1834 e 1961 coa finalidade de preservar a información contida na devandita serie e, por outra banda, poñer a disposición de investigadores en particular e da cidadanía en xeral o acceso e consulta da documentación dunha forma sinxela, áxil e rápida. Esta actuación enmárcase dentro dun proxecto de dixitalización dos fondos do arquivo xeral da Deputación de Lugo.

Elaborado o proxecto de dixitalización polo Servizo de Arquivo, con data 25 de xuño de 2020 formalízase a solicitude das axudas ante a sede electrónica da Xunta de Galicia. A solicitude contempla a dixitalización de 126.000 páxinas cun prezo unitario por imaxe dixitalizada e metadatos asociados de 0,55€ (IVE non engadido).

Con data 13 de agosto de 2021 dítase Resolución da directora da Área de Administración Dixital da Axencia para a Modernización Tecnolóxica De Galicia onde resolve a concesión da subvención para a dixitalización do patrimonio cultural de Galicia coa finalidade de preservación e difusión a través de Galiciana-Patrimonio Dixital de Galicia ao Arquivo da Deputación Provincial de Lugo por un importe de oitenta e tres mil oitocentos cincuenta e tres euros (83.853,00€).

Polo exposto e á vista dos informes emitidos polos diferentes Servizos desta Entidade, formúlase á Xunta de Goberno a seguinte proposta de acordo:

1º.- Aceptar a subvención da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia por importe oitenta e tres mil oitocentos cincuenta e tres euros (83.853,00€) para a dixitalización do Boletín Oficial da Provincia de Lugo entre os anos 1834 e 1961 coa finalidade de preservar a información contida na devandita serie.

2º.- Autorizar á Xefa de Servizo do Arquivo para realizar as actuacións administrativas oportunas ante a Xunta de Galicia.



3º.- Remitir, dentro do prazo sinalado ao efecto pola citada Resolución, a documentación xustificativa ao obxecto da efectividade da subvención”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA RELATIVA Á TRAMITACIÓN DO PROCEDEMENTO PARA O ALLEAMENTO DE PARCELAS DE SOLO INDUSTRIAL PROPIEDAD DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL, MEDIANTE POXA.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“O Pleno da Excma. Deputación Provincial de Lugo , en sesión extraordinaria celebrada o día 30 de novembro de dous mil vinte adoptou, entre outros, os seguintes acordos:

“...a extinción da Sociedad Urbanística Provincial de Lugo S.A (SUPLUSA) con efectos desde o día 30 de novembro de 2020.

a aceptación da cesión do activo e pasivo consonte o artigo 83 da Lei 3/2009, do 3 de abril, de modificacións estruturais das sociedades mercantís nas condicións establecidas no informe de intervención provincial de data de 20 de novembro de 2020.

A incorporación ao inventario provincial dos bens e dereitos nos que se subroga, de acordo con informe emitido pola Sección de Inventario, en data de 19 de novembro de 2020.”

A extinción da Sociedad Urbanística Provincial de Lugo S.A, acordada polo Pleno da Deputación Provincial, en Sesión Extraordinaria, celebrada en data de 30 de novembro de 2020, mediante a cesión de activo e pasivo, consonte o artigo 83 da Lei 3/20019, de 3 de abril, de modificacións estruturais das sociedades mercantís implica a subrogación da Deputación Provincial de Lugo na posición xurídica de SUPLUSA respecto dos dereitos e obrigas das que esta era titular. De acordo, co exposto, a Deputación Provincial realiza este procedemento de alleamento de parcelas no Polígono Industrial “ A Gándara” do Concello de Friol e no Polígono Industrial “A Rasela” do Concello de Baleira, dando cumprimento ao acordo adoptado polo Pleno desta

corporación , en sesión extraordinaria celebrada o día 30 de novembro de dous mil vinte, e promovendo, así, o desenvolvemento económico da provincia a través dun concepto vertebrador de estruturas produtivas e ,deste modo, potenciando a implantación de novas actividades económicas nestes termos municipais.

Con dita finalidade o procedemento será de concorrencia pública mediante a celebración de poxa publica e se levará a cabo por esta Deputación Provincial, para o que se redacta o prego reitor coas condicións xerais que servirán para a adxudicación das parcelas.

Tendo en conta o informe emitido ao efecto pola Secretaría Xeral Adxunta con CSV, IV7EHSHPHFZ6J2N4WQGWYHSWN4.

Visto o informe emitido pola Intervención Provincial con CSV IV7EHWYNGEOLL6ET2QOGGZIC6I,

Tendo en conta todo o anterior, proponse á Xunta de Goberno:

1º.- Iniciar a tramitación do procedemento para o alleamento de diversas parcelas de solo urbano de uso industrial ,no Polígono Industrial “ A Gándara” do Concello de Friol e no Polígono Industrial “A Rasela” do Concello de Baleira mediante a celebración de poxa pública.

2º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas que rexerán o procedemento de concorrencia pública de alleamento mediante a celebración dunha poxa e a súa adxudicación.

3º.- Proceder á publicación das bases que regularán o presente procedemento de alleamento no Boletín Oficial da Provincia”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA DE XUBILACIÓN FORZOSA, POR CUMPRIMENTO DA IDADE LEGAL ESTABLECIDA, DUNHA FUNCIONARIA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.



Logo de ver a proposta da Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que Dona María Sara Yáñez Casanova, Administrativa de Administración Xeral do Cadro de Persoal Funcionario, que ocupa o posto de Xefe/a Unidade Xestión de Formación “ A Extinguir”, cumpre os 65 anos de idade o día 10 de setembro de 2021 e que terá recoñecidos 43 anos, 9 meses e 17 días de servizos prestados nesta Deputación provincial, o día 10 de setembro de 2021, data previsible de xubilación forzosa, polo que acredita un período de cotización á Seguridade Social superior aos 37 anos e 3 meses.

Tendo en conta que a citada funcionaria non solicitou inicialmente a prolongación de permanencia no servizo activo.

Considerando o establecido na normativa vixente:

Artigo 2/2015 do 29 de abril do Emprego Público de Galicia:

“1. A xubilación dos funcionarios poderá ser:

- a) Voluntaria, a solicitude do funcionario.
- b) Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida.

[...].

3. A xubilación forzosa do persoal funcionario declararase de oficio ao cumprir a persoa a idade legalmente establecida

(...)”.

Artigo 67 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público:

“1. A xubilación dos funcionarios poderá ser:

- a) Voluntaria, a solicitude do funcionario.*
- b) Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida.*

[...].

3. A xubilación forzosa declararase de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco anos de idade.
(...)”.

Con independencia da idade de xubilación forzosa establecida no apartado 3, a idade da xubilación forzosa do persoal funcionario incluído no Réxime Xeral da Seguridade Social será, en todo caso, a que prevexa as normas reguladoras do dito réxime para el acceso á pensión de xubilación na súa modalidade contributiva sen coeficiente redutor por razón da idade.”.

Disposición Transitoria Sétima.- Aplicación paulatina da idade de xubilación e dos anos de cotización, do Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro do Texto Refundido da Seguridade Social, sinala:

“As idades de xubilación e o período de cotización a que se refire o artigo 205.1.a). así como as referencias a idade que se conteñen nos artigos 152.1, 207.1.a) y 2, 208.1.a) e 2, 214.1a) e 311.1 aplicaranse de forma gradual nos termos que resultan do seguinte cadro:

Ano	Períodos cotizados	Idade esixida
2021	37 anos e 3 meses ou máis	65 anos.
	Menos de 37 anos e 3 meses	66 anos

[...].”.

Á vista do sinalado e dos informes dos servizos e tendo presente que Dona María Sara Yáñez Casanova terá acreditado, á data do 10 de setembro de 2021, na que cumpre os 65 anos de idade, un período de cotización superior aos 37 anos e 3 meses e non tendo solicitada a prolongación no servizo, propono á Xunta de Goberno que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, de data 9 de marzo de 2011 (publicado no BOP número 056, do 10 de marzo de 2011), acorde:

Declarar a xubilación forzosa, por cumprimento da idade legalmente establecida da funcionaria provincial, Dona María Sara Yáñez Casanova, con efectividade do día 10 de setembro de 2021, derradeiro día que presta servizos a esta Entidade”.



A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

12. - ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e vinte minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.